



A NOVA UNIDADE DE HOSPITALIZACIÓN PSIQUIÁTRICA INFANTO XUVENIL ESTARÁ OPERATIVA TRAS O VERÁN

- *O conselleiro de Sanidade anunciou que a obra, que empezará nos próximos días, foi adxudicada por 1,3 millóns de euros*
- *A nova unidade contará cun total de 20 profesionais, desglosados en 2 psiquiatras, 1 psicólogo, 1 traballador social, 1 terapeuta ocupacional, 7 enfermeiras e 8 técnicos en coidados auxiliares de enfermaría*

Vigo, 22 de marzo de 2023.- "A Xunta vai duplicar a capacidade da sanidade pública galega para dar resposta aos casos que necesiten hospitalización con ingreso para patoloxía psiquiátrica aguda grave na nosa infancia e na nosa mocidade, coa construción dunha nova unidade no Hospital Álvaro Cunqueiro". Así o destacou o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, na súa visita ao hospital vigués para detallar as características da nova unidade de hospitalización psiquiátrica infanto-xuvenil de referencia para o sur de Galicia, acto no que estivo acompañado pola delegada territorial, Marta Fernández-Tapias, e polo xerente da área, Javier Puente.



Segundo remarcou Comesaña, esta nova obra, que se instalará nunha superficie de 740 m², ten un prazo de execución de catro meses e iniciarase en canto se formalice o contrato que a Xunta acaba de adxudicar por 1,3 millóns de euros, "co que á volta do verán estará duplicada a capacidade do Sergas para atender ingresos de saúde mental de mozos e mozas".

A nova unidade contará cun total de 20 profesionais, desglosados en 2 psiquiatras, 1 psicólogo, 1 traballador social, 1 terapeuta ocupacional, 7 enfermeiras e 8 técnicos en coidados auxiliares de enfermaría.




Hospitais de Día

Na súa intervención, Comesaña subliñou que a saúde mental dos nenos, nenas e adolescentes é hoxe un tema de máxima prioridade clínica, mediática e social, e así queda reflectido pola Xunta a través do Plan de Saúde Mental aprobado no 2020, no que se comprometía á creación de hospitais de día infanto xuvenís en todas as áreas sanitarias. "Un reto que estamos a cumprir poñendo en marcha, no último ano e medio, os de Vigo, Santiago, Ourense e Lugo e, neste ano, comezarán a funcionar os de Ferrol e Coruña, e no 2024 pecharemos o compromiso co inicio do de Pontevedra".

O de Vigo, que foi o primeiro en poñerse en marcha en setembro de 2021, atendeu xa máis de 1.500 consultas. En cada unha destas unidades, o conselleiro sinalou que se contratou un novo profesional de psiquiatría, un de psicoloxía clínica, un de traballo social e outro de enfermaría especializada. Estas unidades, "son recursos fundamentais para evitar os ingresos dos rapaces e rapazas a través de terapias intensivas".

Para aqueles rapaces cuxos ingresos non se poden evitar, o responsable do Sergas dixo que o Plan de Saúde Mental preveu reforzar a capacidade da sanidade pública para atendelos, por iso este plan comprometeu a creación dunha segunda unidade que se complementa á existente en Santiago e que funciona como referencia para todo o Sur de Galicia. A tal efecto, o conselleiro agradeceu a presenza no acto de profesionais doutras áreas sanitarias.



Un total de 241 novos profesionais para programas de saúde mental

Segundo sinalou o titular da carteira sanitaria do Executivo galego, "o fundamental é o persoal que hai detrás destas novas unidades". Así, o obxectivo do Plan de Saúde Mental é completar, a finais do vindeiro ano, un total de 241 novas contratacións de profesionais, "e

imos polo bo camiño, xa que os orzamentos da Xunta para este ano son superiores en dez millóns de euros aos anteriores ao Plan, e o Goberno galego xa contratou a máis de 130 profesionais”.



Así mesmo, o obxectivo da Xunta é que esas novas prazas se cubran de xeito estable, por iso impulsou unha Lei de medidas extraordinarias para prazas de difícil cobertura, na que incluíu as de primaria, as dos hospitais comarcais e as dos servizos de saúde mental, e, neste mesmo ano, “vai poder cubrir por concurso de méritos máis de 170 prazas de psiquiatría, psicoloxía clínica e enfermaría especialista, das que 39 serán na área sanitaria de Vigo”.

Tamén destacou o conselleiro o novo protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil, “grazas ao que se crearon as vías rápidas de derivación en saúde mental”. Así mesmo, a Xunta creou unidades de prevención do suicidio en todas as áreas sanitarias.

Con todas estas actuacións, “o Goberno galego demostra que leva tempo traballando no campo da saúde mental e que ten o compromiso de continuar avanzando nesta materia”, -concluíu o conselleiro-.